



Prevención de Riscos Laborais orientado a Autónomos

Orde de 21 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a accións de fomento da prevención de riscos laborais na comunidade autónoma de Galicia no exercicio de 2014

Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais

- Actualiza e adapta ao progreso técnico a normativa existente.
- Unifica a lexislación en materia preventiva.
- Adapta a normativa nacional á comunitaria mediante a incorporación á lexislación nacional da Directiva 89/391/CEE (Directiva "Marco") e o Convenio 155 da Organización Internacional do Traballo (OIT), ratificado por España, sobre Seguridade e Saúde dos Traballadores e Medio Ambiente de Traballo.

Craves no cumprimento da Lei na túa explotación



Principios da acción preventiva

Evitar os riscos

Avaliar os riscos
que non se poden
evitar

Combatir os riscos
na súa orixe

Adaptar o traballo
á persoa

Planificar a
prevención

Controlar a
efectividade das
medidas
adoptadas

Informar e formar
aos traballadores

E ti... que modalidade elixes?

1) Para asumila persoalmente debes...

- Ter formación acorde á avaliación e valoración dos riscos.
- Elaborar o Plan de Prevención, avaliar os riscos e planificar a actividade preventiva anualmente.
- Elaborar os documentos necesarios debidos ao desenvolvemento da actividade laboral, por exemplo a investigación de accidentes.
- Empresas de ata 10 traballadores (antes eran 6, modificado polo RD 337/2010).
- Empresas de ata 25 traballadores (se temos un só centro de traballo, regulado polo art. 39 da Lei 14/2013 de 27 de setembro de apoio aos emprendedores e internacionalización).
- Se as actividades non están consideradas de risco especial (Anexo I do RD 39/1997).

E ti... que modalidade elixes?

2) Designar traballadores/as

- Que teñan a capacidade correspondente ás funcións a desempeñar.

3) Servizo de prevención propio

- Para empresas que contan con máis de 500 traballadores.

4) Servizo de prevención mancomunado

- Poderán constituírse entre aquelas empresas que desenvolvan as súas actividades nun área xeográfica limitada

E ti... que modalidade elixes?

5) **Servizo de Prevención Alleo (SPA)** coas funcións que seguen:

- Deseño, implantación e aplicación dun plan de prevención de riscos laborais que permita a integración da prevención na empresa.
- A avaliación dos factores de risco que poidan afectar á seguridade e saúde dos traballadores.
- A planificación da actividade preventiva e a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas e a vixilancia da súa eficacia.
- A información e formación dos traballadores.
- A vixilancia da saúde dos traballadores en relación cos riscos derivados do traballo.

Cadro Resume

Nº de traballadores	Actividade da empresa	
	Incluída no Anexo I Lei 31/95	Non incluída no Anexo I Lei 31/95
Ata 10 traballadores ⁽¹⁾	Traballador designado SPP SPA	Propio empresario ⁽¹⁾ Traballador designado SPP SPA
Ata 25 traballadores ⁽²⁾ (Art. 39 da Lei 14/2013 de 27 de setembro de apoio aos emprendedores e internacionalización)		Propio empresario ⁽²⁾ Traballador designado SPP SPA
11 – 249 traballadores	Traballador designado SPP SPA	
250 – 500 traballadores	SPP	Traballador designado SPP SPA
> 500 traballadores	SPP	

Actividades incluídas no ANEXO I

- Traballos con exposición a radiacións ionizantes en zonas controladas.
- Traballos con exposición a axentes tóxicos e moi tóxicos, e en particular a axentes canceríxenos, mutaxénicos ou tóxicos para a reprodución.
- Actividades en que interveñen os produtos químicos de alto risco.
- Traballos con exposición a axentes biolóxicos dos grupos 3 e 4.
- Actividades de fabricación, manipulación e utilización de explosivos, incluídos os artigos pirotécnicos e outros obxectos ou instrumentos que conteñan explosivos.
- Traballos propios de minaría a ceo aberto e de interior, e sondaxes en superficie terrestre ou en plataformas mariñas.
- Actividades en inmersión baixo a auga.
- Actividades en obras de construción, escavación, movementos de terras e túneles, con risco de caída de altura ou sepultamento.
- Actividades na industria siderúrxica e na construción naval.
- Produción de gases comprimidos, licuados ou disoltos ou utilización significativa destes.
- Traballos que produzan concentracións elevadas de po silíceo.
- Traballos con riscos eléctricos de alta tensión.


Obrigas formais da Lei 31/1995

- Contar cun **Plan de Prevención**.
- Ter a **avaliación inicial** de riscos: documento que establece os riscos que non se poden evitar e a valoración dos mesmos.
- Realizar a planificación e programación das **medidas preventivas**.
- Cumprir coa información, consulta e **participación dos traballadores** na actividade preventiva da empresa.
- Dar **formación** aos traballadores.
- **Vixilancia da saúde** (recoñecementos médicos periódicos obrigatorios).
- **Conservar e archivar toda a** documentación relativa ás obrigas formais.

O Plan de Prevención

- Documento escrito cos contidos básicos seguintes:
 - Medidas correctoras das deficiencias detectadas na avaliación.
 - Calendario de execución das medidas a implantar.
 - Revisións e profundizacións da avaliación inicial de riscos.
 - Planificación da información e da formación xeral e específica.
 - Controis periódicos das condicións de traballo.
 - Plan de actuación ante situacións de urxencia: plan de urxencia e evacuación.
 - Planificación da vixilancia da saúde dos traballadores.
 - Protección dos traballadores especialmente sensibles.
 - Coordinación con outras empresas, subcontratas, etc.
 - Procedementos internos de traballo, instrucións sobre equipos de traballo, sustancias, equipos de protección, etc.
 - Metodoloxía de investigación de accidentes.
 - Organización e xestión da prevención.

O Plan de Prevención



Marco xurídico da Prevención na Empresa

Deber do empresario


Estrutura organizativa

- Comités de Seguridade e Saúde
- Servizos de Prevención
- Delegados de Prevención

Dereitos e Deberes dos Traballadores

Consulta e Participación dos Traballadores

Deber do Empresario



EXECUCIÓN

- Cumprir a normativa de Prevención de Riscos
- Respetar as regras de ordenación preventiva na organización do traballo

PRINCIPIOS

- Evitar os riscos
- Avaliar os riscos que non se poden evitar
- Combatir os riscos na súa orixe
- Adaptar o traballo á persoa
- Ter en conta a evolución técnica
- Substituír o perigoso, polo que entraña pouco ou ningún perigo
- Planificar a prevención
- Aplicar medidas de protección colectiva
- Protección aos menores
- Dar as debidas instrucións aos traballadores

Información, consulta e participación

Paralización da actividade en caso de risco grave e inminente

Dereitos dos traballadores fronte á protección de Riscos Laborais

Vixilancia do estado da saúde

Formación en materia preventiva

Obrigas dos Traballadores

A

Cooperación
co empresario
para garantir
as condicións
adecuadas de
traballo e
saúde

B

Contribución
ao
cumprimento
de obrigas

C

Información
inmediata de
situacións de
risco

D

Utilización
correcta de
dispositivos de
seguridade

E

Uso adecuado
de medios e
equipos de
protección
segundo
instrucións do
empresario

Consulta e participación dos Traballadores

O empresario deberá consultar aos traballadores en...

Planificación e organización do traballo e introdución de tecnoloxías

Organización e desenvolvemento de actividades de protección da saúde e prevención de riscos

Designación de traballadores encargados das medidas de emerxencia

Procedementos de información e documentación

Formación en materia preventiva

Calqueira outra acción que poida ter efectos sobre a seguridade e a saúde dos traballadores

Dereitos de participación e representación...

Dereito á participación na empresa nas cuestións relacionadas coa Prevención de Riscos no traballo

A participación e representación será para:

Traballadores en empresas de menos de 25 traballadores

Comités de Empresa, Delegados de Persoal e Representantes Sindicais

Nas Administracións Públicas coas adopcións que procedan

Beneficios dun Plan de Prevención correcto

- Diminúen os **accidentes laborais** e danos persoais e materiais na empresa.
- **Evitar perdas de produtividade** debidas á inactividade de maquinaria ou á formación e adaptación do posto de traballo a substitutos.
- **Diminúe** tamén os días perdidos por baixas debidos a accidentes.
- **Evita custes imprevistos** (sancións, xuízos) polo incumprimento da lei.
- **Mellora o clima laboral** e como consecuencia a imaxe empresarial ante provedores e sobre todo, ante clientes.
- **Mellora a rendibilidade empresarial.**
- **Mellora as relacións persoais.**

E... se non cumpres?

- As túas responsabilidades por incumprimento en materia de prevención son de 3 ámbitos:
 - **Administrativo:** Incumprimento das obrigas e imposición de sancións e recargo de prestacións.
 - **Civil:** O traballador/a pode solicitar indemnizacións por danos e perxuizos causados.
 - **Penal:** Os responsables poden enfrontarse a cargos penais por incumprimento.

E... se reincides?

- A reincidencia nunha infracción do mesmo tipo no prazo dun ano, pode dar lugar a unha sanción de ata o duplo da anterior e limitacións á facultade de contratar coa Administración Pública.

Exemplos de sancións administrativas

40€ a 2.045€	Leves	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Falta de limpeza do centro de traballo. ▪ Non dar conta dos accidentes de traballo leves á autoridade laboral.
2.046€ a 40.985€	Graves	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Non realizar a avaliación de riscos e os controis periódicos das condicións de traballo. ▪ Non realizar os recoñecementos médicos e a vixilancia da saúde. ▪ Non rexistrar e archivar os datos obtidos nas avaliacións, recoñecementos... ▪ Incumprimento en materia de formación e información aos traballadores. ▪ Non proporcionar medios de protección individual ou colectiva aos traballadores.
40.986€ a 819.780 €	Moi graves	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Non observar as normas específicas da seguridade e saúde dos menores ou das traballadoras en período de embarazo ou lactancia. ▪ Non paralizar nin suspender de forma inmediata, a requerimento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, os traballos que se realicen sen observar a normativa sobre prevención de riscos laborais.

Que é un recargo de prestación?

Cando o empresario é responsable por incumprimento preventivo no desenlace do accidente a Autoridade Laboral **capitaliza unha porcentaxe (30% a 50%) a prestación derivada dese accidente**. En caso de incapacidade permanente total ou absoluta, este recargo pode chegar a cifras millonarias.

Coordinación Empresarial

- Cando concorren varias actividades empresariais nun mesmo centro de traballo, incluído os autónomos teñan ou non empregados, existe a obriga de cooperar entre elas para eliminar ou controlar os riscos que puidera haber.
- Por elo, deben informarse reciprocamente dobre os riscos específicos das súas actividades que puideran afectar aos traballadores das outras empresas.

Coordinación Empresarial

A información deberá ser suficiente, por escrito cando algunha das empresas xenere riscos calificados como graves ou moi graves e facilitarse...

Antes do inicio das actividades

Cando se produza un cambio nas actividades concorrentes que sexa relevante a efectos preventivos

Cando se producira unha situación de emerxencia

Coordinación Empresarial

O empresario titular dun centro de traballo onde concorran actividades empresariais, deberá informar aos outros empresarios concurrentes sobre...

Os riscos propios do centro de traballo que poidan afectar ás actividades por eles desenvolvidas

As medidas referidas á prevención de tales riscos

As medidas de emerxencia que se deben aplicar

Accidente / Enfermidade

	ACCIDENTE	ENFERMIDADE
Inicio	Brusco e súbito	Lento e progresivo: difícil de precisar o momento do inicio
Causa	Xeralmente externa	Externas, pero tamén poden influír factores propios do traballador
Efecto	Maniféstase de forma rápida, violenta e ás veces traumática	Lento e solapado
Identificación	Fácil: coñécese a causa e o momento	Difícil: ás veces aparecen síntomas comúns con enfermidades que non están relacionadas co traballo
Tratamento	Urxente e frecuentemente cirúrxico	Prolongado no tempo, ás veces crónico

Notificación de Accidentes


- **Quen ten que notificar os accidentes de traballo?**
 - O empresario está obrigado a notificar ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social os accidentes de traballo (Lei de Prevención de Riscos laborais 31/1995, Artigo 23.3).
- **Que se notifica?**
 - O accidente de traballo.
 - A relación de accidentes de traballo acontecidos sen baixa médica.
 - A relación de altas ou falecementos de accidentados.
- **Como notificar os accidentes de traballo?**
 - A través do parte normalizado publicado na Orde TAS/2926/2002, do 19 de Novembro do Sistema de Declaración Electrónica de Accidentes de Traballo (Delt@).
 - Se non se posúe o certificado dixital clase 2CA necesario para operar no Sistema Delt@ da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT), pode obtelo en: http://www.cert.fnmt.es/index.php?cha=cit&sec=obtain_cert

Notificación de Accidentes

- **Cales son os prazos de presentación dos partes?**
 - Para o parte de accidente: POLO EMPRESARIO: 5 días hábiles contados dende a data en que se produciu o accidente ou da baixa médica.
 - Para a relación de accidentes sen baixa: POLO EMPRESARIO: Mensualmente nos primeiros 5 días hábiles de cada mes.
 - Para a relación de altas de accidentes e falecementos por accidentes: POLA ENTIDADE XESTORA OU COLABORADORA: Mensualmente antes do día 10 do mes seguinte.
 - Para a comunicación urxente: POLO EMPRESARIO: 24 horas en caso de accidente grave, moi grave, mortal ou múltiple (máis de 4 persoas), agás os “in itinere”

Procedemento a seguir:

- A** Con baixa laboral
- B** Sen baixa laboral



Accidente de traballo GRAVE

Prestación de Primeiros Auxilios

Comunicación aos Servizos Médicos

112, Mutua, Centro de Saúde. Se é derivado á Seguridade Social:

- Deixar claro que se trata dun Accidente de Traballo.
- Remitir todas as actuacións á Mutua.

Asistencia Médica

Avisar á Empresa

A empresa o comunicará aos Representantes dos Traballadores, o Servizo de Prevención e á Inspección de Traballo

Accidente de Trabajo MORTAL



Comunicación aos Servizos Médicos (112)



Avisar á Empresa

A Empresa comunicará aos Representantes dos
Traballadores, o Servizo de Prevención e a Inspección
de Trabajo

Información e formación aos traballadores

- Coa **INFORMACIÓN** trasládase ao traballador un conxunto de datos e consignas que debe coñecer en materia preventiva en relación ás áreas que desenvolve e ás circunstancias nas que se desenrola.
- Asimesmo, infórmase ao traballador sobre os riscos existentes no seu posto de traballo así como as medidas de prevención e control de ditos riscos, e as relativas a primeiros auxilios, emerxencias e evacuación.

Información e formación aos traballadores

- Coa **FORMACIÓN** perségúense obxectivos de:
 - Coñecementos.
 - Destrezas.
 - Incorporación de actitudes para que o traballador realizar as súas tarefas dunha forma segura e saudable.

Información e formación aos traballadores

	Como debe ser a formación?	Cando debe impartirse?	Quen pode impartila?
FORMACIÓN	Gratuita para o traballador		
	En horario laboral ou compensada	No momento da contratación	A empresa con medios propios
	Teórico-Práctica	Periódica se é necesario	Un Servizo de Prevención Alleo
	Suficiente e adecuada	Se cambian as condicións de traballo	
	Específica do posto de traballo		

Protección colectiva e Equipos de Protección Individual (EPI)

- Cando un risco non pode ser evitado ou eliminado, e as proteccións colectivas (sistemas de protección contra incendios, barandas, tomas de terra, etc.), non son suficientes, utilízanse os EPIs.
- Os máis empregados son:
 - Luvras
 - Gafas de protección
 - Calzado de seguridade
 - Orelleiras
 - Mascarilla...

Protección colectiva e Equipos de Protección Individual (EPI)

- Os EPIs deben ser:
 - Subministrados pola empresa
 - De forma gratuíta
 - A todos os traballadores que a súa actividade o requira
- Os EPIs pasarán a estar baixo a responsabilidade do traballador para a súa utilización, coidado e mantemento.

Protección colectiva e Equipos de Protección Individual (EPI)

- Os EPIs deben ser seleccionados tendo en conta:
 - O risco que se pretenda controlar.
 - Os límites de protección do equipo.
 - A parte ou partes do corpo que se vaian protexer.
 - Or requirimentos ergonómicos do equipo que faciliten o seu uso.
 - A súa integración con outros EPIs.
 - A opinión do traballador que os usa.

Uso da maquinaria

- A maquinaria que posúa o denominado **CE**, cumpre coa normativa europea que lle é de aplicación.
- Aquela que non dispoña do mesmo, debe adaptarse ás exixencias da normativa incorporando elementos de seguridade ou pequenas adaptacións, segundo o caso.
- Os traballos de reparación, adaptación, transformación, mantemento ou conservación serán realizados por persoal especializado.

Vixilancia da saúde

- A vixilancia da saúde contrátase cunha entidade acreditada.
- Esta entidade remitirá un certificado para a empresa sobre a aptitude médico laboral do traballador.
- As revisións médicas son para todos os traballadores, fixos e temporais.
- Os resultados do recoñecemento comunicaranse a cada traballador con **carácter confidencial**.
- A empresa unicamente terá coñecemento da relación de traballadores «aptos» ou «non aptos» para as tarefas asignadas.

Vixilancia da saúde

- As actividades de vixilancia da saúde planifícanse xeralmente de forma **anual**, o que quedará incluído dentro do documento de planificación da actividade preventiva.
- Aínda que outra empresa realizara con anterioridade dita revisión, no momento da contratación é obrigatorio repetila pola nova empresa.
- É voluntario para o traballador (agás actividades incluídas no Anexo I), pero é obrigatorio o seu cumprimento por parte do empresario.

Sinalización de seguridade

- A sinalización do centro de traballo ou de máquinas, deberá utilizarse sempre que a análise dos riscos existentes, as situacións de emerxencia previsibles e as medidas preventivas adoptadas poñan de manifesto a seguintes necesidades:

Sinalización de seguridade

Chamar a atención

- Dos traballadores sobre a existencia de determinados riscos, prohibicións ou obrigas.

Alertar

- Aos traballadores cando se produza unha determinada situación de emerxencia que requira medidas urxentes de protección ou evacuación.

Facilitar

- Aos traballadores a localización e identificación de determinados medios ou instalacións de protección, evacuación, emerxencia ou primeiros auxilios.

Orientar

- Ou guiar aos traballadores que realicen determinadas manobras perigosas.

Medidas de emerxencia

- Son **necesarias** para:
 - **Loita contra incendios.**
 - **Evacuación** do centro de traballo.
 - Prestar **primeiros auxilios** no caso de que sexa necesario.
- **Débense determinar:**
 - Os procedementos de actuación.
 - As funcións e os responsables para levalas a cabo.
 - Facilitar aos traballadores unha relación de pautas de conduta individual e colectiva.

Medidas de emerxencia

- Con **carácter xeral...**
 - A empresa debe dispoñer dun **botiquín...**
 - Que se revise periodicamente.
 - Cun listado á vista.
 - Cos teléfonos das persoas responsables e dos servizos externos de interese para acudir a eles en caso de emerxencia.
 - As persoas con responsabilidade na actuación en caso de emerxencia, deben recibir a formación e información necesarias para desempeñar correctamente as súas funcións.

Contratación de persoal a través de Empresas de Trabajo Temporal (ETT)

- Segundo a lexislación vixente en materia preventiva, a existencia dunha relación de traballo temporal **non xustificará**, en ningún caso, unha diferenza de trato polo que respecta ás condicións de traballo, no relativo a calquera dos aspectos da protección da seguridade e saúde dos traballadores.
- Corresponde á empresa usuaria velar polas adecuadas condicións de execución do traballo, en todo o relacionado coa protección da seguridade e saúde dos traballadores.

Contratación de persoal a través de Empresas de Trabajo Temporal (ETT)

- En concreto...
 - Informar sobre os riscos existentes no seu posto de traballo.
 - Informar sobre as situacións de emerxencia que puideran darse.
 - Proporcionarlles os EPIs que necesiten para o exercicio do seu traballo.

Rexistro de accidentes

- Cando ocorra algún accidente de traballo, débese:
 - Rexistrar.
 - Investigar.
 - Analizar as súas causas para evitar que se repita.
- A investigación de accidentes realizarase:
 - Coa participación dos traballadores afectados.
 - Cos seus responsables.
 - Co responsable de prevención.
- Analogamente, seguirase este mesmo procedemento en aqueles incidentes ocorridos nos que ningún traballador sufrira dano, pero nos que existan riscos potenciais de sufrilo.

Vixilancia da Saúde - ISSGA

- A quen vai dirixido?
 - Traballadores/as autónomos/as en xeral e socios/as cooperativistas que teñan a condición de traballador/a autónomo/a, que coticen no RETA (Régime Especial de Traballadores Autónomos), incluídos os do Sistema Especial de Traballadores Agrarios.
- Teño que estar traballando?
 - Quen o solicite debe estar en activo, é dicir, non pode estar de baixa ou xubilado.
- Onde debo dirixirme?
 - Aos Centros ISSGA emprazados nas catro provincias galegas.
- Como podo solicitalo?
 - Facendo chegar unha s0licitude por cada persoa, acompañada do DNI e copia da tarxeta sanitaria.

Vixilancia da Saúde - ISSGA

- Canto dura?
 - Haberá que dispoñer dunha boa parte da mañá, xa que para a súa realización precisaranse entre 3 -4 horas.
- Cando se realizará?
 - Unha vez recibidas as solicitudes nos centros, poranse en contacto co/coa traballador/a vía telefónica ou por correo, para indicarlle as condicións e datas do recoñecemento.
- Canto custan?
 - Estes recoñecementos médicos son gratuítos.

Vixilancia da Saúde - ISSGA

- En que consiste o recoñecemento médico?
 - Anamnese e historia clínica individualizada do traballador.
 - Historia laboral.
 - Exploración física específica por sistemas.
 - Estudos complementarios:
 - Control - visión.
 - Tonometría.
 - Probas de funcionalismo pulmonar.
 - Audiometría tonal liminar por vía aérea e ósea.
 - Impedanciometría.
 - Electrocardiograma.
 - Análise clínicas.
 - Outras probas que sexan necesarias, a criterio do médico.
 - Elaboración e envío dun informe médico e impresión diagnóstica.
 - Recomendacións.

Vixilancia da Saúde - ISSGA

- Datos de contacto:

http://issga.xunta.es/portal/contido/actividade/actividade_0010.html?lang=es

Centro ISSGA da Coruña

Rúa Doutor Camilo Veiras, nº 8
15006 A Coruña.

Tlf.: 981 182 329 / 25 Fax: 981 182 332

Centro ISSGA de Lugo

Ronda de Fingoi, 170
27071 Lugo

Tlf.: 982 294 323 / 21 Fax: 982 294 336

Centro ISSGA de Ourense

Rúa de Villaamil e Castro, s/n
32872 Ourense

Tlf.: 988 386 395 / 292 Fax: 988 386 222

Centro ISSGA de Pontevedra

Camiño Coto do Coello, nº2
36812 Rande - Redondela – Pontevedra

Tlf.: 886 218 131 / 00 Fax: 886 218 102